

CICLO DE CONCERTOS XOÁN MONTES AO PIANO

O SON DO PASADO QUE
CONMOVE O PRESENTE

COS INTÉRPRETES:
JAVIER ARES ESPÍÑO,
JORGE BRIONES MARTÍNEZ
E PABLO DIAGO BUSTO

PROGRAMA DE MAN



O SON DO PASADO QUE CONMOVE O PRESENTE

A idea de divulgar a creación musical dun compositor galego do Rexurdimento é o eixe deste ciclo de concertos de homenaxe a Xoán Montes na súa faceta como pianista.

A súa produción para este instrumento é a parte máis descoñecida do seu catálogo e representa unha parte esencial do patrimonio cultural galego no eido musical.

Os intérpretes encargados da interpretación neste proxecto son Javier Ares Espiño, Jorge Briones Martínez e Pablo Diago Busto, con sólida traxectoria artística e consolidados como referentes na recuperación e posta en valor da música galega dos séculos XIX, XX e XXI.



CICLO DE CONCERTOS XOÁN MONTES AO PIANO

O Xoán Montes máis descoñecido, afastado da súa vertente relixiosa e revivindo o seu paso polos cafés-concertos da cidade de Lugo é o protagonista deste ciclo de concertos.

O autor da canción Negra Sombra presenta na súa obra pianística a súa faceta máis lúdica cun repertorio en sintonía cos faladoiros literario-musicais ou cos salóns españois do momento. As pezas para piano de Xoán Montes (Lugo, 1840 – Lugo, 1899) transitan por títulos como Gavota ou Andante sentimental, pero cun predominio do xénero dos bailables, con danzas como valeses, polcas, mazurcas e habaneras. E tamén atopamos muiñeiras, alalás e xotas que nos achegan a un personaxe fundamental no marco do Rexurdimento, participando na consolidación dos aires rexionais que tivo lugar na súa época. Na súa obra atopamos repertorio para piano, para harmonio, para piano a 4 mans e para piano a 6 mans do compositor lugués.

En xaneiro de 2022 nos Estudos Planta Sónica de Vigo, con Pancho Suárez de Lis como técnico de son, foi realizada a gravación nun dobre

CD da obra pianística de Xoán Montes Capón polos mesmos intérpretes deste ciclo. Esta gravación ten unha íntima relación coas publicacións en 2016 e 2017 de dúas recompilacións de partituras realizadas por Jóam Trillo e polo Dr. Carlos Villanueva e editadas pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e Dos Acordes, que recuperaron toda esta música que agora, máis de 120 anos despois, volta a cobrar vida.

Todos estes proxectos enmárcanse na actividade do Grupo Organistrum, no I+D+i “Galicia-América: Música civil, ideoloxía e identidades culturais a través do Atlántico (1800-1950)” [PID2020-115496RB-I00I] AEI/10.13039/501100011033 e no proxecto “Estudos históricos de Música en Galicia e América (ss. XI-XX)” financiado pola Xunta de Galicia dentro do Programa de Consolidación de Unidades de Investigación Competitivas (GPC) [AD431B 2024/047].



PROGRAMA

PRIMEIRA PARTE

Melodía para a man esquerda, en Do m

Scherzo, en Mib M

Muiñeira

Danza habanera nº 1

Mazurca I, en Mi M

Valse III, en Do M

Polca, en Do M

SEGUNDA PARTE

Andante sentimental, en Sib M

Bailados para orquestra. Cuadrilla III: nº 1, 2, 3,
4 e 5

Mazurca, en Do M (a 4 mans)

Bailados (a 4 mans)

Mazurca, en Sib M

Vals, en Do M

Polca, en Do M

Habanera (a 6 mans), en Fa m

INTÉRPRETES



Javier Ares Espiño

Doutor pola USC e Catedrático de piano no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Autor de varios libros e artigos nunha liña de investigación sobre o compositor galego-argentino Carlos López García-Picos.



Jorge Briones Martínez

Catedrático de piano acompañante no Conservatorio Superior de Música da Coruña e máster pola UDC. Compatibiliza a súa actividade docente e a xefatura do Departamento de piano acompañante cunha relevante actividade interpretativa centrada en música de compositores galegos dos séculos XIX e XX.



Pablo Diago Busta

Profesor de piano no Conservatorio Profesional de Música da Coruña. Foi gañador de diversos premios no Concurso de Piano Infanta Cristina, no Concurso de Piano “Ciudad de Linares–Marisa Montiel” e no Ciclo de Xoves Intérpretes da Fundación Pedro Barrié de La Maza.